

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 11 DE MARZO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día once de Marzo de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 4 de Marzo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Antonio Meiriño González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Carballiño, 38, 3º D, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Antonio Meiriño González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Carballiño, 38, 3º D, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun baixo 1º sito da Travesía do Ribeiro, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Celso González Rodicio, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Irmáns Alavarez Araújo, 33, no que interesa prórroga de licenza de obras concedida para construír cambio de cuberta e outras interiores no devandito lugar por este mesmo órgano na súa sesión celebrada o 4 de Setembro de 1995; esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, tendo en conta que, deberá cumpri-las condicións sinaladas naquela data. A validez desta prórroga será por prazo de seis meses a partir da súa notificación.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Deputación Provincial, concedendo unha subvención de 500.000 pesetas para "Local Social da grova".

Da Xerencia Territorial do Catastro, remitindo copia fallo sentencia IBI, presa de Frieira.

Da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo 02/0004425/1992 interposto por Unión Eléctrica Fenosa S.A., contra silencio administrativo a escritos de 20.5 e 19.12, sobre reclamación de cantidade por subministro de enerxía eléctrica durante 1990 e 1991.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da certificación "liquidación" da obra nomeada "Instalación de Alumeado Público no Municipio", por un importe total de 2.204.112 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº 1/96, por importe de 900.000 pesetas, que se adicará: A).- A xornadas de economía social e cooperativismo e, B).- A Xornadas de seguridade de hixiene no traballo, con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que por natureza son competencia desta Administración Municipal.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento dunha factura de gastos de quilometraje correspondente ó mes de Xaneiro pasado, por importe de 24.192 pesetas, presentada por Don José Manuel Deaño Carballal.

Visto o escrito presentado por Amando S.A, no que interesa lle sexa devolto o importe dunha fianza constituída no seu día coma consecuencia da realización da obra denominada "Iluminación pública no Casco Histórico de Ribadavia (1ª FASE), por importe de 355.093 pesetas e, vista tamén a correspondente certificación de fin de obra asinada polo técnico competente e demais documentación técnica, esta Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a devolución da devandita fianza.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó proxecto de "Mellora do Alumeado Público en San Cristovo", cun presuposto total de 4.500.000 pesetas, redactado polo Enxeñeiro Industrial Don Ricardo González Menéndez.

ADXUDICACION DEFINITIVA DA SUBMINISTRACION DE MOBLAXE CASA DE CULTURA, 2ª FASE.- Examinado o expediente denominado "subministración de moblaxe Casa de Cultura, 2ª Fase", unha vez procedida á apertura de plicas e tendo en conta o informe do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva da contratación da "subministración moblaxe Casa de Cultura, 2ª Fase" á empresa PUGA EQUIPAMIENTOS S.L., con domicilio na Estrada de Vigo, 45, Ourense, polo prezo de 3.473.981 pesetas, IVE incluído, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas, na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á

empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados dende a data da notificación da presente.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.